

CENTRO DE INTERESE

Xénero e feminismos

Biblioteca Ágora

MARZO 2018



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



BIBLIOTECAS
municipais

CORUÑA
PRÓXIMA

Que ben distinta sería a historia se estivera escrita polas mulleres...

Partindo desta premisa convidamos á toda a cidadanía da Coruña a coñecer o Centro de Interese Xénero e Feminismos, un espazo vivo froito do traballo coordinado da Rede de Bibliotecas Municipais, a Concellaría de Culturas, Deportes e Coñecemento e a Concellaría de Igualdade e Diversidade.

Este novo recurso nace como resposta á crecente demanda cidadá de incorporar aos fondos das bibliotecas un maior número de publicacións relacionadas cos feminismos, as violencias machistas e as diversidades afectivo sexuais dende múltiples enfoques: económico, político, histórico, sociolóxico; así como aumentando os títulos dirixidos a un público infantil e xuvenil que favorezan a ruptura de estereotipos e o recoñecemento das achegas das mulleres á sociedade.

Este espazo, que medrará e evolucionará cos anos á medida que se recollan máis achegas das persoas usuarias das bibliotecas, organiza os materiais seleccionados dunha forma alternativa, atractiva e accesible, poñendo os feminismos no centro.

Porque como levamos anos demostrando, a aposta das bibliotecas é a da lectura como ferramenta de aprendizaxe para a transformación social dende o coñecemento, neste caso dos textos fundamentais do feminismo, da reflexión sobre as novas formas de familia, sobre a importancia dos coidados, e sobre daquelas mulleres que cambiaron o mundo..."



Mulleres protagonistas





Colección Pequeña & Grande: Frida Kahlo, Ella Fitzgerald, Coco Chanel, Marie Curie, Audrey Hepburn...

Unha colección de contos cos que nenas e nenos descubrirán quen eran e que lograron as máis grandes mulleres da historia contemporánea: deseñadoras, pintoras, aventureiras, científicas... Mulleres únicas e maravillosas das que aprender e coas que identificarse.

Wangari y los árboles de la paz: una historia verdadera

Jeanette Winter. Barcelona: Ekaré, 2009

Wangari Maathai foi unha activista que realizou numerosas accións relacionadas coa ecoloxía en Kenia. Tras licenciarse en bioloxía en USA, volve ao seu país, ameazado pola deforestación. Funda o movemento ecoloxista Cinto Verde e con outras mulleres chega a plantar 47 millóns de árbores. É a primeira muller africana que recibiu un Premio Nobel da Paz.




Nana de tela. La vida tejida de Louise Bourgeois

Amy Novesky. Madrid: Impedimenta, 2016.
O libro explora unha pequena parte da biografía desta artista plástica. Detense nos seus anos de infancia e a súa relación coa fábrica de restauración de tapices que tiñan os seus pais e, especialmente, céntrase na relación coa súa nai. Un libro para se achegar á complexa obra desta interesante e rompedora artista.

O lapis máxico de Malala

Malala Yousafzai. Vigo: Xerais, 2017.

Malala desexaba ter un lapis máxico co que facer feliz a súa familia. Borraría o cheiro a lixo da cidade, detería o tempo para durmir unha hora máis pola mañá... Pero nun momento dado, caeu na conta de que había cousas máis importantes que arelar. Non lle gustaba o mundo que vía e quería mudalo. E aínda que nunca atopou un lapis máxico, decatouse de que podía traballar arreo para facer realidade todos os seus desexos.



Maruja Mallo

Elvira Ribeiro; Eva Agra. Compostela: Urco, 2017.



A través deste volume coñecemos a aquela nena que amarrou con forza o soño de se converter nunha extraordinaria pintora. Unha muller que fixo unha personaxe de si mesma e que non deixaba indiferente a quen se cruzaba no seu camiño, unha muller libre e comprometida, unha muller leal ás amizades e, sobre todo, unha muller brava.

Rompendo estereotipos

Até as princesas soltan peidos

Ilan Brenman. Alzira (Bilbao): Algar, 2017

Á pequena Laura xurdiulle unha dúbida moi importante: tíranse peidos as princesas? Afortunadamente, seu pai posúe o libro secreto das princesas con todas as respostas ás súas preguntas.



Azul e rosa

Ana Pillado Vega.


Vigo: A Nosa Terra, D.L. 2008.

Neste conto coñeceremos a Lila e Pilo, dous irmáns que reciben un agasallo dos seus avós. Lila pregunta por que sempre lle regalan todo rosa, xa que novamente lle regalaron unha bufanda e un gorro rosa e azul a seu irmán.

Unha feliz catástrofe

Adela Turín. Pontevedra: Kalandraka, 2014.

A catástrofe pono todo patas arriba: déixaos sen fogar e altera por completo as súas vidas. Pero é a señora Rato a que atopa a solución. Dunha vida monótona, ás aventuras e os novos roles na familia.



Rosa caramelo

Adela Turín e Nella Bosnia. Barcelona: Kalandraka, 2012.


Illada nun xardín, Margarida é a única elefanta do grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus proxenitores desisten de imporlle ese aspecto, por fin poderá descubrir o significado da liberdade e abrírlles o camiño da igualdade ás súas compañeiras.

A princesiña que conducía unha locomotora
Clara do Roxo. Vigo: Galaxia, 2012.

Hai moitas princesas (e de moitas clases) nos contos de sempre... pero o que non che hai son moitas princesiñas que o que de verdade busquen na vida sexa convertérense en maquinistas de tren e saíren ver mundo. Porque a Corte, toda chea de príncipes azulíños casadoiros, éche ben aburrida... Esta princesiña o que quere é brincar, gozar, ser feliz!



Violencia e discriminación contra a muller



Artur e Clementina


Adela Turín. Pontevedra: Kalandraka, 2012.

Da sonada colección "A favor de las niñas", esta historia fabulada reivindica o rol feminino na sociedade, combate os estereotipos sexistas e denuncia a discriminación. Porque aínda se necesitan obras sobre coeducación e igualdade.

O libro dos Porcos

Anthony Browne. Pontevedra: Kalandraka, 2006.

«Bule co almorzo, muller», «Bule co almorzo, mamá», dicíanlle o seu home e os seus fillos. Ata que a señora Porcón se fartou e marchou!



A historia dos bonobos con lentes

Adela Turín. Pontevedra: Kalandraka, 2013.

Eles comían, viaxaban e modernizábanse mentres elas recolectaban comida e criaban a prole. Pero os bonobos non aceptaban que as bonobas tamén puidesen aprender e evolucionar. Un álbum ilustrado que trata o tema da coeducación e da igualdade e racha estereotipos sexistas e discriminatorios.



¡Estela, grita muy fuerte!


Isabel Olid. México: Fineo, 2008.

Estela é unha nena á que lle gustan moitas cousas. Ata hai pouco gustáballe xogar co seu tío Anselmo, pero ultimamente lévaa á habitación e faille cousas que a ela non lle gustan nada. Conchita, a súa mestra, recomendoulle un truco marabilloso, un truco que funciona cando pasa algo que non lle gusta ou alguén quere facerlle dano: grita moi forte!

Malena Ballena. Davide Cali

Barcelona; Madrid: Libros del zorro rojo, 2010. Na

piscina, as nenas rían de Malena. E é que Malena pesaba moito, demasiado. Tanto que a chamaban «balea». Pero un día, o monitor de natación ensinoulle un truco e a súa vida comezou a cambiar. Un personaxe entrañable que vive a realidade de moitos nenos e nenas; un tema delicado tratado con sentido do humor, desde o respecto e o fomento da autoestima.



Mulleres protagonistas



Jane

Itziar y Jorge Miranda. Zaragoza: Edelvives, 2016.

Desde ben pequena Jane Goodall, na súa casa de Inglaterra, soñaba con viaxar a África para observar aos animais no seu medio natural. Alí plantouse con vinte e seis anos e aínda hoxe os seus descubrimentos déixannos coa boca aberta mentres ela percorre o planeta loitando por un mundo mellor.

Las chicas son guerreras: 26 rebeldes que cambiaron el mundo
Irene Cívico y Sergio Parra.

Barcelona: Penguin Random House: Montena, 2016.

Vinte e seis historias de mulleres que deixaron a súa pegada na historia como científicas, escritoras, viaxeiras, deportistas, políticas, pintoras, fotógrafas, directoras de cinema, deseñadoras, inventoras, pilotos ou astronautas. De cada unha delas ofrécese un perfil biográfico e destácanse as súas achegas.





**Emilia Pardo Bazán:
unha nena seducida polos libros**



María Xosé Queizán. Vigo: Xerais, 2014.

Emilia Pardo Bazán nace cun don: a curiosidade, o afán de saber. É filla única e os seus amigos van ser os libros. Le todo o que encontra, incluso os papeis de envolver as pedras de azucre. María Xosé Queizán achéganos a súa vida e obra dunha maneira sinxela e entretida. O volume inclúe unha cronoloxía e unha escolma de textos que completan a biografía da gran narradora e pensadora galega.

Frida Kahlo

Vanna Cercernà. Madrid: Ediciones del Laberinto, 2007.

Frida Kahlo, nacida coa Revolución mexicana, tira da inmovilidade provocada por un terrible accidente, dos seus intensos amores e os seus grandes ideais, a forza para expresar co pincel a súa propia vitalidade irresistible. A súa pintura simbólica, fantástica e misteriosa, é como un refacho de aire fresco que desde México alcanza ao resto do mundo.




**A miña primeira Rosalía.
Xiana e Xosé Lastra**

Vigo: Xerais, 2013.

A miña primeira Rosalía é unha homenaxe a Rosalía de Castro, que puxo a súa voz e a súa vida ao servizo da dignificación da nosa lingua, das mulleres e dos desfavorecidos, en tempos nada propicios. Este libro reúne unha biografía, unha antoloxía poética e doce poemas musicados e cantados.

Rompendo estereotipos



No soy perfecta

Jimmy Liao. Granada: Barbara Fiore, 2012.

Ola a todo o mundo, chámome Perfecta Nueno. Ese é o nome que me puxeron mamá e papá. Din que cando eu era nena, tanto de fronte como de costas, esperta ou durmida, rindo ou chorando, parecíalles perfecta. Pero a medida que fun medrando, a cousa cambiou... Estou tan cansa que teño ganas de berrar: "Non son unha nena perfecta!"

A señorita Bubble

Ledicia Costas. Vigo: Xerais, 2017.

A xente da vila sentiu un odio repentino pola señorita Bubble desde o mesmo día da súa chegada. A inventora apareceu por sorpresa unha mañá solleira, conducindo un convertible que funcionaba a vapor, e instalouse naquela vivenda que levaba tantos anos deshabitada. Repudiárona polo seu singular xeito de vivir. Ninguén sospeitaba o que na realidade sucedía no interior da mansión da señorita Bubble.



Carapuchiña "en rose"


Ánxela Gracián; ilustrado por Manel Cráneo.

A Coruña: Everest Galicia, 2010.

Érase unha vez unha nena á que todo o mundo coñecía polo seu fermoso abrigo vermello con carapucha. Un día bateu con Lobo. Parecía tan educado, tan atractivo, tan engaiolante... que non puido evitar namorarse del. Carapuchiña 'en rose' revisa os roles clásicos femininos e masculinos, e critica os modelos de amor que en moitos destes contos reais maravillosos se propoñen.


Rapazas

Agustín Fernández Paz. Vigo: Xerais, 2007.
 Un dos clásicos da nosa literatura para adolescentes que recolle seis historias moi diversas, pero cun fío común: todas elas teñen unha rapaza como protagonista. Deste xeito, as páxinas de Rapazas achégannos un retrato plural desa etapa fronteiriza chamada adolescencia.



Ninguén nace antetempo

David Daniel Vázquez Álvarez. A Coruña: Baía, 2010.
 O rol da muller sempre foi o mesmo. A loita pola súa condición de igual aos homes comezou coa humanidade mesma. Non resulta unha reivindicación dos tempos actuais, senón que é máis ben unha pelexa que empeza nos albores da prehistoria.




Bandeiras negras

Ana María Galego. A Coruña: Baía, 2012.
 Páxina a páxina, coñeceremos as aventuras da pequena escrava Providence, quen se converterá no mariñeiro Chris e navegará baixo as bandeiras dos piratas de máis sona: Bonnet, England... e Flint, o temible capitán do Walrus. Non hai moitas oportunidades para as mulleres, e menos para as mulleres negras, no século XVIII. Pero as oportunidades, e a sorte, ás veces chegan andando sobre unha soa perna...

Xela volveuse vampira

Fina Casalderrey. Santiago de Compostela: Baía: Xunta de Galicia, 2007.
 Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivinte de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo.



Jane, el zorro & yo

Isabelle Arsenault, Fanny Britt. Barcelona: Salamandra Graphic, 2016.
 O día a día de Hélène é un inferno e a súa autoestima reséntese ata o punto de que chega a asumir como certos os insultos que recibe. Non quere recorrer á axuda e comprensión da súa nai porque a vida desta non é moito mellor. O seu único consolo é a lectura de Jane Eyre, a novela de Charlotte Brontë, con cuxa desgraciada protagonista se sente identificada.

Violencia e discriminación contra a muller

La niña silencio

Cécile Roumiguère, Benjamin Lacombe. Zaragoza: Edelvives, 2011.

Vive na gorida dos lobos. Cando os colexiais volven rindo ás súas casas, ela toma o camiño da noite. Poderíase pensar que vai a unha casa como as demais, pero o seu andar é pesado, demasiado pesado para unha nena da súa idade...




Falsa naturaleza muerta

Marinella Terzi. Zaragoza: Edelvives, 2012.
 Ingrid recibe polos seu aniversario un agasallo moi especial, un diario que a pon trala pista da súa bisavoa, unha muller que viviu a Guerra Civil e o exilio, e que foi esposa dun famoso pintor. Ingrid e o seu mellor amigo, Jacobo, que está namorado ela, van descubrir a partir do relato da bisavoa, e mentres elaboran un traballo para o instituto, que as relacións de parella e o papel da muller na historia estivo sempre marcado polo machismo e a discriminación social.



Sexo e saúde



Gestación por sustitución


Eleonora Lamm. Publicacions i edicions de la Universitat de Barcelona (2013).

A xestión por substitución é unha forma alternativa de acceder á paternidade ou maternidade, no marco das técnicas de reprodución humana asistida. Esta obra expón a realidade desta práctica, a gran cantidade de xurisprudencia nacional e internacional existente, as distintas opcións legais que recolle o dereito comparado e os conflitos que se poden suscitar debido á falta de regulación.

Mujeres, salud y poder

Carme Valls-Llobet Cátedra (2009).


O percorrido que a doutora Carme Valls-Llobet fai pola invisibilidade do corpo, as patoloxías e os riscos con que se enfrenta a saúde das mulleres, culmina na descrición dos procesos que fan que se valoren como inferiores os seus problemas de saúde e intenta realizar en cada capítulo un proceso polo que queden desmascarados os instrumentos de control e posesión, tanto externos coma intrapsíquicos, que lles impiden ás mulleres seren protagonistas da súa saúde.



La maternidad y el encuentro con la propia sombra

Laura Gutman. Planeta (2015).

Cunha formulación novidosa, Laura Gutman enfrenta os mitos e prexuízos relativos á maternidade, a crianza das fillas e fillos e os obstáculos que aparecen ao longo do camiño para garantir o benestar da nena ou do neno. Unha exploración necesaria e un encontro íntimo e sincero para afrontar con maior coñecemento de si mesma esta etapa tan transcendental na vida de calquera muller.



Figuras del deseo femenino

Joan Curbet Soler. Cátedra (2014).

Traxecto polos avatares do desexo feminino na literatura occidental: a representación do desexo como motor e base das formas de subxectividade feminina. Figuras de muller concretas escollidas como espazos de representación de identidade feminina en doce espazos históricos diferenciados nun percorrido dende o século XII até o século XX: De Isolda a Molly Bloom, Francesca da Rimini, Melibea, Julieta, Jane Eyre, Emma Bovary...


Violencias

A mí también me duele: niños y niñas víctimas de la violencia de género en la pareja

Raúl Lizana Zamudio.

Gedisa (Graciela Atencio (ed.)). Ediciones B (2017).


Dende hai uns anos aumentou a conciencia social en relación ao problema das mulleres que sofren violencia de xénero na parella. Con todo, a situación dos seus fillos e fillas segue manténdose como unha cuestión minimizada e mesmo invisible. Tras unha longa traxectoria profesional en diferentes perspectivas deste ámbito #151;, Raúl Lizana aborda de forma clara e directa os múltiples sufrimentos polos que atravesan os nenos e nenas vítimas da violencia de xénero na parella.



Íbamos a ser reinas

Nuria Varela. Ediciones B (2017)

Percorrido polas causas da violencia machista, como a soportan as propias mulleres e que mecanismos sociais, educativos, legais e relixiosos actúan como cómplices eficaces que impiden acabar con este problema. Contén ademais testemuños de mulleres que sufriron esta experiencia. Un clásico sobre a violencia de xénero actualizado nunha edición revisada e actualizada que inclúe ademais un novo capítulo sobre violencia contra adolescentes e menores de idade.



La prostitución en el corazón del capitalismo
Rosa Cobo. Catarata (2017).

A autora, profesora de Socioloxía de Xénero na Universidade de A Coruña e directora do Centro de Estudos de Xénero e Feministas nesta universidade, explica os cambios no mundo da prostitución nas últimas décadas. Agora é una industria global, interconectada, cun modo de funcionamento similar ao das grandes corporacións capitalistas. O resultado é un proceso crecente de mercantilización dos corpos e da sexualidade de millóns de mulleres en todo o mundo.

Feminismo




Neoliberalismo sexual
Ana de Miguel. Cátedra (2015).

A poderosa industria do sexo patriarcal avanza apoiándose en dúas ideas complementarias. Por un lado, na teoría da libre elección: agora que as mulleres “xa son libres”, xa poden “escoller” e vivir do seu corpo, ou de anacos do seu corpo. Por outro lado, e para contrarrestar calquera crítica, esta tese envólvese nunha certa retórica transgresora e posmoderna: toda relación é aceptable se hai “sexo consentido” polo medio.


El síndrome de la mujer maltratada

Lenore E. A. Walker. Desclée de Brouwer (2012).
 Este volume continúa na línea do escrito anteriormente por Lenore Walker, pioneira no estudo da violencia de xénero contra a muller. Nesta terceira edición, a autora presenta os datos máis actuais obtidos a parti do modificado Tes del Síndrome de la Mujer Maltratada (BESQ) e actualiza a súa investigación sobre violencia doméstica tratando os temas crave da cuestión, incluídos o trastorno de estrés postraumático, a impotencia aprendida, o optimismo aprendido, o ciclo da teoría da violencia... e moitos máis.




Fundamentos del patriarcado moderno
Rosa Cobo Bedia. Cátedra (1995).

O aspecto fundamental deste traballo é o punto de confluencia entre Rousseau, como principal teórico ilustrado, do concepto de feminidade, e o feminismo, como discurso emancipatorio que encontra as súas raíces máis poderosas na propia ilustración, pois aí é onde xermola o discurso da igualdade.



¿Podemos erradicar la violencia de género?: análisis, debate y propuestas
Marta del Pozo Pérez (dir.), Almudena Gallardo Rodríguez (coord.). Comares (2015).

Lenore Walker é pioneira no estudo da violencia de xénero contra a muller. Nesta 3ª edición, a autora presenta os datos máis actuais obtidos a partir do modificado Test del Síndrome de la Mujer Maltratada (BESQ) e actualiza a súa investigación sobre violencia doméstica tratando os temas crave da cuestión, incluídos o trastorno de estrés postraumático, a impotencia aprendida, o optimismo aprendido, o ciclo da teoría da violencia... e moitos máis.




Antología del pensamiento feminista español
VV.AA. Cátedra (2012).

Os textos seleccionados demostran a orixinalidade e a singularidade da teoría feminista española ao longo de case tres séculos. As introducións e os textos destacan os grandes temas que abrangue a filosofía feminista española, como son a igualdade, a diferenza, a liberdade, a educación, o traballo, as clases sociais, a natureza do feminismo, as relacións entre as mulleres e os homes, a feminidade, a soidade... entre outros.



Liberad el feminismo

Morgane Merteuil. Bellaterra (2017).
 Fronte ao modelo bempensante e burgués, a autora reivindica un feminismo que acolla multitude de maneiras de ser, de pensar, de actuar e de vivir a sexualidade, un feminismo que se reapropie dese espazo simbólico da dominación masculina que é a prostitución. En definitiva, un feminismo liberado dos seus propios corsés.



Masculinidades disidentes

Rafael M. Mérida Jiménez. Icaria, 2016.
 Análise da pluralidade de vivencias, percepcións e representacións das masculinidades non hexemónicas na sociedade e cultura españolas, profundando nos discursos das masculinidades gais, lésbicas e trans para visibilizar unha realidade tratada dun xeito moi discreto polas ciencias humanas e sociais en España.


Ecofeminismo

María Mies y Vandana Shiva. Icaria (2015).
 A destrución ecolóxica e as catástrofes industriais de hoxe en día constitúen un dos trazos que conforman a nosa vida diaria, cuxo mantemento é habitualmente responsabilidade das mulleres. Xunto a esta situación, as novas guerras que o mundo experimenta, os conflitos étnicos e o mal funcionamento das economías preséntanse para o ecofeminismo como urxentes cuestións por resolver.



Ensamblajes terroristas. El homonacionalismo en tiempos Queer

Jasbir K. Puar. SGU (2017).
 Obra que aborda a cuestión da incorporación dalgúns suxeitos queer ao Estado nación como consecuencia das políticas liberáis para lles dar aparencia de suxeitos produtivos e alinear este colectivo con posturas políticas conservadoras, co obxectivo de invisibilizar a violencia que se produce nos Estados Unidos en nome do patriotismo.




Xénero e LGTBIQ



Manifiesto contrasexual


Paul B. Preciado. Anagrama (2011).
 Un libro imprescindible para entender os debates contemporáneos en torno ás políticas feministas, queer e transxénero.



Ingobernables. Historias de transgresión y rebeldía

June Fernández. Libros del K.O. (2017).
 Dez historias de persoas ingobernables que se enfrontan aos comportamentos estereotipados e prefiren complicar a vida antes que asfixiarse no estreito e absurdo modelo da normalidade.

Sociedade, política e dereito



Cuerpos aliados y lucha política. Hacia una teoría performativa de la asamblea



Judith Butler. Paidós (2017).

Judith Butler revisa os conceptos de soberanía, resistencia e “outras accións concertadas” reafirmando a súa posición de que as ideas radicais están necesariamente encarnadas en corpos. A raíz de acontecementos como Occupy Wall Street ou as manifestacións da praza Tahrir, a autora analiza o sentido da liberdade nos distintos espazos e a forma en que as persoas poden levar a cabo actos políticos máis aló da retórica.

Sylvia Pankhurst, sufragista y socialista

Eva Palomo Cermeño. Almud (2015).

Ao longo destas páxinas, detállanse as achegas teóricas e políticas de Sylvia Pankhurst, así como as diferentes facetas do importante e non sempre recoñecido papel que desempeñou no escenario político da súa época.



Mujer, voto y libertad

Isabel Oyarzábal Smith. Renacimiento (2013).

Nos textos periodísticos de Isabel Oyarzábal (1878-1974) faise fincapé nos puntos básicos do feminismo de principios de século: a educación, a independencia económica e o voto das mulleres. Destacan tamén outros temas feministas, coma o atraso das españolas con respecto ás europeas, a ausencia de educación nas mulleres ou a escaseza de lecturas. Completan o volumen os artigos sobre o coidado da beleza e a saúde da muller, e as recomendacións hixienistas sobre o fogar e a moda.



Mujeres en la primavera árabe


Ewa K. Strzelcka. CSIC (2017).

Resultado dunha investigación etnográfica realizada en Yemen antes, durante e despois da chamada “Primavera árabe”, céntrase particularmente na análise da construción dunha cultura política de resistencia feminista e na determinación de como esta cultura, a través das activistas polos dereitos humanos e a xustiza de xénero influíron nos procesos democratizadores nos países de maioría musulmá.

Nuevas formas de familia. Ámbitos emergentes

Jorge Grau Rebollo. Edicions Bellaterra (2016).

As conformacións familiares resultantes de formas diversas de unión afectiva e sexual, o proceso de incorporación de novos individuos ao núcleo procreativo, a centralidade que adquiriu a consideración da/o menor nas transformacións familiares, o rol da muller nas relacións familiares, así como a conformación de familias transnacionais e a articulación de redes de apoio á crianza e cadeas de coidado son o eixo central deste volume.



Arte e Cultura




Musas, mecenas y amantes

Victoria Combalia. Elba (2017).

Alentaron e promocionaron a escritores aínda descoñecidos, impulsaron a obra de artistas emerxentes; algunhas eran artistas e pintoras por dereito propio e as que tiñan fortuna gastárona en financiaren a obra dos seus amantes, amigos e protexidos. Todas elas foron musas da modernidade debido ao seu papel activo e relevante no movemento surrealista, un dos puntos de inflexión na historia da arte do século XX.

Outras propostas



Ellas mismas : autorretratos de pintoras desde la prehistoria hasta la vanguardia

Ángeles Caso. Libros de la letra azul, 2016.

Os libros de historia da arte non contan toda a verdade: moitas mulleres -non tantas como homes, aínda que moitas máis das que nos adoitan dicir- foron tamén artistas, dedicaron longos anos a aprender e competir con homes por facerse un sitio no sempre complexo mercado da arte. Ángeles Caso preséntanos a obra e a vida de setenta e nove artistas a través dos seus autorretratos.

Las mujeres de la Bauhaus: de lo bidimensional al espacio total

Josefina Hervás y Heras ictoria Combalia.

Diseño (2015).

Coa chegada da República de Weimar, a posición xurídica das mulleres viuse reforzada. A falta de homes por causa da guerra precedente permitiu ás mulleres formarse nas escolas e demostrar a súa capacidade en calquera actividade intelectual. Estas mulleres loitadoras, lograron culminar na Bauhaus uns estudos altamente cualificados. Convertéronse en enxeñeiras industriais e arquitectas.



Las mujeres de la Bauhaus:
de lo bidimensional al espacio total
Josefina Hervás y Heras



Mujeres, rock & heavy metal: ¿Quién dijo sexo débil?

Iván Allué Montilla Janés (ed.) Siruela. Elba (2016).

É o rock e o heavy metal un mundo de homes? Iván Allué Montilla expón estas preguntas e moitas máis neste ensaio no que participan máis de medio centenar de mulleres rockeiras como Leonor Marchesi, Joana Amaro, Elisa C. Martín, Amparo e Cristina Chairros, Patricia Tapia, Lupe Villar, Rosa Pérez e moitas mais. Elas son as encargadas de poñer os puntos sobre as íes ante desigualdades patentes nas que aínda hoxe atópase a muller no rock e no heavy metal.



Las primeras poetisas en lengua castellana

Clara Janés (ed.) Siruela. Elba (2016).



Mujeres y libros. Una pasión con consecuencias

Stefan Bollmann. Seix Barral, 2015



As terceiras mulleres


María do Cebreiro Rábade Villar. Galaxia, 2005.

Historia e ciencia

Género y enseñanza en la Historia: silencios y ausencias en la construcción del pasado

Almudena Domínguez Arranz. Sílex Ediciones (2015).


Estudo da ensinanza desde unha perspectiva de xénero, co que se busca visibilizar o papel das mulleres na súa diversidade e actividades fronte a aquelas masculinas propias das clases dominantes e que negan a voz e a presenza feminina na historia da educación.



GÉNERO Y ENSEÑANZA
DE LA HISTORIA

Almudena Domínguez Arranz
Rosa M.ª Marina Sáez (ed.)

S



Viajeras de leyenda. Aventuras asombrosas de trotamundos victorianas

Pilar Tejera. Ediciones Casiopea (2011).

Conxunto de experiencias e aventuras vividas polas grandes damas viaxeiras do s. XIX, que percorreron o mundo soas configurando unha vida ambulante onde o inxenio foi esencial para saír de situacións inverosímiles.



Mujeres silenciadas en la Edad Media


Sandra Ferrer. Punto de vista (2016).

Conxunto de biografías de mulleres que durante a Idade Media decidiron romper co estereotipo da vida familiar ou eclesial e desenvolver as súas dotes intelectuais nun mundo en que a misoxinia e os prexuízos inundaban unha Europa caracterizada polo espertar das súas cidades e cuxa imaxe nos chegou a través da óptica dos homes.

Sabias. La cara oculta de la ciencia

Adela Muñoz Páez. Debate (2017).

Obra que rescata a historia dalgunhas das mulleres que realizaron contribucións relevantes á ciencia, entre as que encontramos a Émile de Châtelet, Marie Curie o Rosalind Franklin. Un redescubrimiento acerca de como as mulleres tiveron vedado o acceso á universidade até ben entrado o s. XX, sobre como o seu acceso a centros de saber foi restrinxido e como as súas contribucións lles foron arrebatadas ou foron borradas dos anais da ciencia.



El algoritmo de Ada. La vida de Ada Lovelace, hija de lord Byron y pionera de la era informática

James Essinger. Alba (2015).

Percorrido a través da vida da científica británica Ada Lovelace, cuxa severa educación centrada no campo matemático implicou o desenvolvemento dun traballo científico que, tras a diferenciación entre datos e procesamento que establece tras o contacto coa máquina analítica de Charles Babbage, convértena nunha das pioneiras da computación.



Las pioneras. Las mujeres que cambiaron la sociedad y la ciencia desde la Antigüedad hasta nuestros días

Rita Levi-Montalcini e Giuseppina Tripodi.

Crítica (2017).

Rita Levi-Montalcini, Premio Nobel de Medicina, e Giuseppina Tripodi realizan unha selección de biografías de mulleres destacadas do campo científico desde a Idade Antiga até os nosos días. A través desta colección de retratos, tratan de pór en relevo o papel que as mulleres tiveron no desenvolvemento da ciencia, tanto no campo matemático coma no da Astronomía, a Bioloxía ou a Química.

Outras propostas

Economía, traballo



Estereotipos de género en el trabajo

M. Àngels Viladot Presas e Melanie Caroline Steffens. Editorial UOC (2016).




La economía de los cuidados

Lina Gálvez Muñoz. De Culturas (2016).



Empresa tiene nombre de mujer

Javier Scherk. Plataforma Editorial (2015).



Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida

Amaia Pérez Orozco. Traficantes de sueño (2017).

CENTRO DE INTERESE

Xénero e feminismos

Biblioteca Ágora

Lugar da Gramela, 17 - T. 981 189 886




bagora@coruna.es



BIBLIOTECAS
municipais

CORUÑA
> PRÓXIMA

www.coruna.gal/bibliotecas

 @bibcoruna
 bibcoruna
 bibcoruna